



Traballador do Museo do X en Barcelona.

Santi é un traballador do Museo de X de Barcelona.

Neste museo cóntase a historia do seu produto oculto, hai moitos escritos, información en multitude de webs, distintos profesionais e decenas de usos.

Neste museo, Santi encárgase de contarlle aos visitantes a lenda dun Deus de orixe nahua (pobos nativos de Mesoamérica cuxos devanceiros foron os aztecas) que deixou aos homes unha prezada árbore.


Contan tamén como o reino maia usaba o produto oculto como moeda de cambio no imperio azteca.

Na historia fálannos de cando Cristobal Colón coñeceu o produto oculto en forma de bebida.

Tamén pódese aprender neste museo como co tempo foise transformando o produto ata as decenas de usos que ten actualmente, na cociña, na repostería, na cosmética ou incluso na medicina.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Traballadora da fábrica de X EurekaSA en Monovar.

Paula vai comezar a traballar nunha nova fábrica onde a materia prima é o seu produto oculto.

Esta nova fábrica pertence ao líder mundial na produción do produto oculto. A nivel mundial, o 52% do produto é transformado por esta factoría (Barry Callebaut).

Esta fábrica vai abrir en Monovar, municipio da Comunidade valenciana.

A economía deste municipio está baseada no calzado e na importante industria de transformación de diferentes produtos, agora inclúírase a do produto oculto.

Nesta nova fábrica recibirán o produto oculto outros traballadores, dedicaranse a limpalo, tostalo, descascalo e moelo.

O que fai Paula é o moldeado, empaquetado e almacenado.

Aínda que non está ben pagada, Paula está contenta deste traballo pois así pode estar toda a tarde coa súa filla.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Publicista da marca de X Minmos SL Suíza.

Marta é publicista, traballa para unha das 6 multinacionais que controlan o 80% do mercado do seu produto oculto. Destas 6 multinacionais, 3 son americanas e 3 europeas.

A multinacional onde traballa Marta é suíza. Sabe que o éxito da súa empresa está na facilidade de controlar o mercado do produto, pois o 85% prodúcese en 7 países pero o 80% do comercio e transformación contrólano 5 empresas multinacionais.

As campañas publicitarias que fai Marta teñen moito éxito debido á marca deste produto coñecida dende fai anos, ademais a cor do seu envoltorio e o seu logotipo axudan a identificar o produto.

Grazas a todo isto, as vendas aumentaron moito, sendo unha das principais marcas de vendas deste produto, polo que o soldo de Marta aumentou nos últimos meses, o que veulle moi ben para poder vivir na súa cara cidade.





Produtor de X de Binao, Costa de Marfil.

Paul viven en Binao, un pequeno pobo do oeste de Costa de Marfil, país que produce o 40% do seu produto oculto.

Paul ten unha pequena parcela de 100x150m, onde cultiva o seu produto.

Paul traballa moi duro, polo que a súa parcela ten un aspecto coidado.

Debido a que o prezo do seu produto reduciuse un 5% dende o ano 1990, xa non pode mercar abonos nin pesticidas.

Polo tanto o rendemento baixou e xa non pode enviar aos seus fillos á escola.

Na actualidade non ten cartos e a súa familia sobrevive do que cultiva preto da casa.

Aínda que hai unha cooperativa local, Paul non poderá evitar vender a un intermediario, que paga un prezo moito máis baixo que o da cooperativa máis adiante, pero el non pode esperar máis.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Adicto ao X residente en Santiago de Compostela.

Marcos é un estudante de Santiago de Compostela.

Marcos estaba preocupado porque varias veces ao día tiña a necesidade de tomar o seu produto oculto.

Así que foi ao médico e detectoulle un problema de adicción.

O médico di que así como pode aportar moitos antioxidantes, e ser un estimulante natural, tamén o seu exceso máis adiante pode producir hipoglicemia, ansiedade, ou falta de cromo que podería afectar aos ósos.

O malo é que isto non ten tratamento, así que Marcos ten que buscar información de como facer, pois non lle gusta a situación.





Neno colleiteiro do X Costa de Marfil.

Amadou ten 14 anos de idade, é de Costa de Marfil.

É un dos 284.000 nenos que traballan máis de 12h. ao día despexando terreos con machetes moi perigosos para poder chegar ao seu produto oculto.

Amadou como outros tantos nenos/as tamén aplican pesticidas sen o equipo protector.

Moitos nenos/as traballadores proveñen de zonas empobrecidas enviados polos seus pais aos cultivadores do produto oculto crendo que atoparían emprego e enviarían cartos ás familias.

Amadou amósanos nas súas pernas as cicatrices que lle deixou un machete o 20 de abril do 2001.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Dependente de Sanpaka, tenda madrileña especializada en X.

Michael traballa en Madrid nunha tenda especializada no seu produto oculto.

A tenda de Michael é unha das moitas tendas que hai en Madrid ofrecendo esta seu produto oculto para todo tipo de público, apaixonados, adictos, celíacos,...

Alí vende o seu produto oculto de formas moi diversas e novidasas como acompañado con tomiño, te verde, cardamomo, tequila,...

Tamén vende o seu produto en artigos de cosmética, candeas, licores,...

Por suposto na súa tenda non falla o seu produto oculto dun xeito tradicional, con froitos secos, información de libros sobre el.

Michael está contento das vendas, mais pasa moitas dificultades pois os impostos son moitos.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Produtora de X de comercio xusto da provincia Esmeralda, Ecuador.

Graciela, é xerente de Aprocame, unha cooperativa de campesiños/as e produtores/as de oito comunidades da provincia Esmeralda en Ecuador.

Fai sete anos uníronse para formar unha asociación de produtores do seu produto oculto.

Como o prezo non lles chegaba para vivir vendían madeira da selva.

Sabían que coa tala, tarde ou cedo destruírían o futuro de seus fillos.

Así que un grupo de 480 de campesiños/as e produtores/as conscientes co ambiente decidiron fundar Aprocame e recibir un pago xusto polo produto que eles venden, e ademais ser axudados nas plantacións e aumentar a produtividade.

Así nos últimos anos, como a demanda do seu produto aumentou, tamén aumentou a produción e como os prezos tamén son mellores a súa vida mellorou. (Antes vendían 105 quintais e cobraban 90\$ agora evitando intermediarios venden 2200 quintais e cobran 120\$).



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Campesiña brasileira.

Mónica vive en Brasil, cando angaza a súa leira pensa no bo que sería que chovera para que a terra producira xudías para se alimentar ela e os seus fillos.

Antes o seu traballo e o dos nenos era levar o seu produto oculto en canastos sobre a cabeza, seleccionalo e secalo.


Xa fai seis meses que o seu marido, Antonio, foise ao Salvador, cando os fungos comezaron a facer estragos no seu produto oculto e perdeu o emprego, xa que este problema fixo que non houbera colleita nin traballo para os próximos anos.

O marido de Mónica, coma outros miles de traballadores que hai en Brasil dan as costas ao seu produto oculto debido aos baixos prezos e aos problemas no campo.

Se isto continúa así terán que trasladarse á cidade.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Masaxista dun hotel-spa en Pensilvania.



André traballa no Zen-Palace, un hotel en Pensilvania. André utiliza os beneficios que lle proporciona o seu produto oculto empregándoo en diferentes terapias.

O seu produto ten compoñentes nutritivos e revitalizantes sobre a pel.

André usa o seu produto en forma de aceite para as masaxes, como emplaste cunha manta quente.

Hai poucos centros especializados nesta terapia, pois é moi recente e selectiva, así que o Zen-Palace é destacado por esta novidade.

A xente que acude a este centro son fundamentalmente turistas ou xente de moitos caros, pois a terapia é bastante cara.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Investigadora da universidade Birmingham.


Ana é unha investigadora da Universidade de Birmingham, na que traballan na investigación da enerxía do hidróxeno que está chamada a substituír nun futuro próximo ao actual sistema enerxético mundial dependente nun 85% dos combustibles fósiles.

Ana xunto con outros investigadores da Universidade de Birmingham levaron a cabo un proxecto que demostra a viabilidade da produción de hidróxeno a partir do seu produto oculto, que é residuo dunha fábrica.

Aos residuos do seu produto engádese unha bacteria producíndose no proceso hidróxeno.

O hidróxeno xerado alimentou a unha pila de combustible que xerou electricidade abondo para facer funcionar un pequeno ventilador.

Ana está contenta, pois a súa investigación pode ser importante para a redución de emisións de CO₂.



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO



Secretaria da cooperativa Kuapa en Ghana.

Cecilia pertence á cooperativa Kuapa, en Ghana.


Casada e nai de tres fillos, é membro do Comité Executivo de Área na sociedade Kuapa, onde ocupa o cargo de tesoureira.

Pero tamén organiza e apoia aos campesiños para vender o seu produto oculto dentro do sistema de comercio xusto.

Cecilia pesa e etiqueta os sacos, custodia as ferramentas do negocio e garante o transporte do seu produto ao porto.


E é que a súa maior preocupación é velar para que o produto oculto da mellor calidade se produza e se venda no mercado do comercio xusto.

Cecilia está moi contenta, pois dende que apareceu esta cooperativa, pode traballar, coidar dos seus fillos e mellorar a calidade de traballo doutras persoas.









Pensilvania	11.800	15'7	16.400	21	15.500	18'7
Birmingham	6.200	8'6	10.800	14	9.900	11'6
Madrid	6.400	9	11.030	14'5	10.100	12
Santiago	7.100	9'9	11.700	15'2	10.700	12'8
Barcelona	7.000	9'8	11.600	15'1	10.600	12'7

Ghana		Ecuador		Brasil	
Distancia(Km)	Tn CO2	Distancia(Km)	Tn CO2	Distancia(Km)	Tn CO2

Ghana		Ecuador		Brasil	
Distancia(Km)	Tn CO2	Distancia(Km)	Tn CO2	Distancia(Km)	Tn CO2
11.800	15'7	16.400	21	15.500	18'7
6.200	8'6	10.800	14	9.900	11'6
6.400	9	11.030	14'5	10.100	12
7.100	9'9	11.700	15'2	10.700	12'8
7.000	9'8	11.600	15'1	10.600	12'7



Pegada ecolóxica

Indicador que serve para medir a cantidade de territorio que se precisa para producir recursos consumidos e integrar os residuos xerados por unha persoa ou comunidade.

Superficie de terra ou mar bioloxicamente produtivo que son precisos para manter unha poboación humana cun nivel de vida determinado.

